

Plan de actuación na Biblioteca Escolar

PLAMBE 2

Ricardo Rodríguez de Rávena

Curso 2016-17

Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares
PLAMBE 2
IES *Xulián Magariños*
NEGREIRA- A Coruña

Bibliotecas escolares de Galicia

Rúa Castelao s/n
15830 Negreira
Tlf: 981885349 Fax:981885020
ies.xulian.magarinos@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesxulianmagarinos

Para que a nosa biblioteca sexa capaz de seguir aprendendo en todos os seus sentidos e direccións cómpre facermos efectivas as leccións aprendidas da experiencia acumulada. Froito desta aprendizaxe procuraremos axustar os obxectivos proxectados á dispoñibilidade horaria efectiva do equipo da biblioteca.

Nesta liña daremos prioridade no vindeiro curso a aquelas actividades directamente realizadas pola biblioteca fronte a aqueloutras nas que a biblioteca ofrece os seus servizos e a súa xestión como marco articulador e supletorio de iniciativas alleas cuxa execución non constitúa unha responsabilidade directa do equipo da biblioteca.

Co establecemento desta prioridade pretendemos, para alén da continuidade dos proxectos de mellora e dinámicas positivas en marcha, garantir a realización dun mínimo de actividades relacionadas coa formación de usuarios e o fomento das interaccións horizontais dinamizadoras da cantidade e calidade da lectura, que talvez resultaron descoidadas no curso pasado, ben por seren postergadas na orde de prioridades ben por estaren delegadas a outras instancias.

1. En relación coa organización e xestión

Proseguirase co labor de corrección e reestruturación dos catálogos emprendido o pasado curso.

Reiteramos o proxecto de mellorar a accesibilidade dentro da biblioteca aos recursos máis utilizados, así como a iluminación dos andeis, e en particular, a exposición material das novidades que xa se presentan no Boletín en liña.

Continuaremos enriquecendo mediante as achegas recibidas por distintas vías tanto a biblioteca dixital para préstamo como a videoteca didáctica iniciada no pasado curso.

Desexamos, así mesmo, continuar mellorando a presenza e a utilidade da biblioteca na rede en xeral, e nas redes sociais, en particular.

O organizador temático elixido para o vindeiro curso será as viaxes a través do tempo. Confiamos na súa virtualidade de suscitar e acoller traballos por proxectos, tanto do ámbito humanístico coma científico, así como de dar continuidade ás experiencias de vídeo produción por parte do alumnado e profesorado.

Malia as pouco favorables previsións debidas á incidencia na dispoñibilidade horaria do profesorado da aplicación da LOMCE, temos a pretensión de manter no posible o equipo que conforma a comisión da biblioteca, así como de recuperar parte do horario asignado, tanto ás gardas xerais coma específicas, ata cubrir a maior parte do horario escolar. Para facilitar este obxectivo seguiremos ofrecendo a biblioteca e o profesorado que nela presta servizo

Rúa Castelao s/n
15830 Negreira
Tlf: 981885349 Fax:981885020
ies.xulian.magarinos@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesxulianmagarinos

como aula de convivencia para o coidado do alumnado que o requira.

2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

Cómpre continuar o proceso de retroalimentación entre as previsións e suxestións contempladas, tanto no Proxecto Lector coma no Plan Anual de Lectura, e os desenvolvementos dos diversos aspectos e seccións do currículo que son responsabilidade dos distintos Departamentos Didácticos, sobre todo no que se refire ás competencias básicas.

A este respecto prevese a radicación na biblioteca dun proxecto de traballo interdisciplinario preacordado acerca das dietas saudables e sustentables en colaboración coa Facultade de Educación, que incluiría tanto intervencións correspondentes á aprendizaxe baseada en proxectos coma as propias dos traballos que proceden segundo a metodoloxía da investigación científica.

Así mesmo preténdese promover a realización de cando menos dous proxectos de traballo relacionados co eixo das viaxes a través do tempo. Un deles de carácter histórico de reconstrución dun mundo pasado, algo así como a práctica de turismo na historia. E o outro que confrontase co máximo rigor científico obras literarias e cinematográficas de ciencia ficción e de anticipación co estado actual dos coñecementos da ciencia.

Proseguiremos, na medida das nosas posibilidades, o labor de mediación, coordinación e integración da biblioteca en relación coa totalidade dos programas e iniciativas nos que participa o centro: desde o contrato programa ao plan de formación en centros, así coma cantas iniciativas innovadoras (TIL) ou non, nas que a biblioteca poida ofrecer os seus servizos para favorecer sinerxías e consolidar boas prácticas que poidan ser incorporadas ao patrimonio do centro.

3. Con relación á formación de usuarios e á educación para o acceso á información (educación documental).

A este respecto temos pensado retomar a responsabilidade principal na realización de actividades de educación documental e de formación de usuarios realizadas en horas de titoría, sobre todo para o alumnado máis novo do primeiro ciclo.

Rúa Castelao s/n
15830 Negreira
Tlf: 981885349 Fax:981885020
ies.xulian.magarinos@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesxulianmagarinos

Así mesmo pretendemos desenvolver un proxecto iniciado no presente curso, consistente en ofrecer aos usuarios da biblioteca un curso de prácticas bibliotecarias no que se formaría ao alumnado voluntario na xestión dos diversos servizos da biblioteca, desde o préstamo á catalogación, pasando pola administración e mantemento dos diversos servizos en liña dispoñibles: boletín e club de lectura virtual, etc.

4. Con relación ao fomento da lectura e ao desenvolvemento do Proxecto lector

Propiciarase a través das ferramentas de comunicación dispostas ao efecto a contribución, participación e avaliación de todos os axentes educativos, en particular os Departamentos Didácticos, no desenvolvemento do noso Proxecto Lector en construción, así como no Plan Anual de Lectura.

Centrarémonos na proposta de actividades e institucións encamiñadas a fomentar as dinámicas horizontais de interaccións centradas nos intereses e experiencias lectoras, como os apadriñamentos de lectores, a elaboración de listaxes comentados de obras de lectura recomendadas para alumnado concreto (libros á procura dun lector/a determinado, etc.).

Así mesmo continuaremos, na medida das nosas posibilidades, coa celebración de efemérides e conmemoracións, xogos coma buscas do tesouro ou calquera outro que se desenvolva na biblioteca ao redor dos libros ou doutros recursos dixitais da rede ou fóra da rede, concursos literarios, lecturas en voz alta e mesmo dramatizadas para seren gravadas e utilizadas para o fomento da lectura.

5. Outras actuacións

Seguiremos coas actuacións que se poden considerar de mantemento.

- Catalogación de novos fondos e mellora da visibilidade das etiquetas.
- Mantemento dos andeis de frecuentes coas lecturas obrigatorias para cada materia e avaliación.
- Revisión da colección: expurgo, volumes perdidos, ordenación de andeis, restauración de volumes deteriorados polo uso.
- Mantemento da hemeroteca.
- Ampliación da biblioteca, videoteca e cinemateca, sobre todo no que se refire a vídeos de divulgación científica, así como o que atinxe ao xénero de ciencia ficción e

Rúa Castelao s/n
15830 Negreira
Tlf: 981885349 Fax:981885020
ies.xulian.magarinos@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesxulianmagarinos

de narrativas de anticipación.

- Ampliación da biblioteca dixital de libros electrónicos.
- Organización de exposicións para dar a coñecer autores, obras, xéneros...
- Mantemento dos taboleiros da biblioteca.
- Expositor de novidades.
- Atención ás suxestións recibidas no caixón disposto a tal efecto.
- Manter a presenza da biblioteca nos órganos de decisión do centro.

6. Criterios e procedementos de avaliación

Criterios de avaliación

- Horario de apertura e profesorado integrado no equipo de biblioteca.
- Incremento do préstamo.
- Incremento das solicitudes de adquisición de fondos.
- Participación do alumnado e do profesorado nas actividades propostas.
- Valoración do alumado e profesorado a través do formulario en liña incorporado ao Boletín da Biblioteca.
- Utilización dos recursos da Biblioteca para a realización de traballos, exposicións, debates...
- Análise dos resultados das probas de diagnóstico nos últimos anos.

Procedementos de avaliación

- Presentación da memoria do curso 2015-16.
- Reunión de seguimento e autoavaliación do equipo de Biblioteca.
- Resultado das enquisas realizadas entre o profesorado e o alumnado con destino á actualización do Plan Lector, así como as relativas á valoración dos servizos da biblioteca.
- Establecemento da estatística para o presente curso dos datos de total de préstamos e usuarios, adquisición de fondos e recursos definitivos.
- Facer unha análise comparativa dos resultados das Probas de Diagnóstico, nas que podemos atopar una obxectivación da incidencia da biblioteca nos logros de aprendizaxe do alumnado.

Rúa Castelao s/n
15830 Negreira
Tlf: 981885349 Fax:981885020
ies.xulian.magarinos@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesxulianmagarinos

7. Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

Responsable: Ricardo Rodríguez de Rávena.
Equipo: Margarita Gil Murio, María Jesús Madera Seoane e Pedro Núñez Ferreiro.

Gustaríanos que a dispoñibilidade horaria do centro permitise a continuidade do equipo que estivo a traballar este curso, así como a recuperación das horas perdidas dedicadas á biblioteca con respecto a cursos anteriores.

Co vº e prace da Dirección do centro

Asdo.: Ricardo Rodríguez de Rávena

Asdo.: Adelino Pose Reino